



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 18/06/2011.**

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.  
D. Manuel Varela Mecías.  
D<sup>a</sup> María del Carmen Muiño Filgueira.  
D<sup>a</sup> María Amparo Calvo González.  
D. Jesús Manuel Soto Vivero.  
D. Xosé López Gudín.  
D<sup>a</sup> Ana Belén Breijo Gundín.  
D. Plácido López Loureiro.  
D. Hipólito Díaz Silva.  
D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleira ausente:

D<sup>a</sup> Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e catro minutos do día dezoito de xuño de dous mil once, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión extraordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde en cumprimento do establecido no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

**PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Dase conta da acta da sesión de constitución da corporación, celebrada o día once de xuño do presente ano dous mil once. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

**SEGUNDO.- ACORDOS RELATIVOS Á PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DO CONCELLO.**



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

Dase conta polo Sr. Alcalde da proposta do grupo de goberno relativa ó asunto, de que se continúe co réxime vixente na anterior lexislatura, é dicir, que o Pleno do Concello celebre seis sesións ordinarias ó ano, os primeiros sábados de cada mes impar, ás once e media da mañá, en cumprimento do indicado na lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e na Lei 35/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. A primeira destas sesións tería lugar no vindeiro mes de setembro.

Sometido seguidamente o asunto a votación, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a proposta formulada polo grupo de goberno.

#### TERCEIRO. ACORDOS SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

Dase conta polo Sr. Alcalde da proposta do grupo de goberno relativa ó asunto, que consiste na creación de dúas comisións informativas permanentes, a de Asuntos de Pleno e a de Facenda e Especial de Contas. Cada unha delas estaría integrada por tres concelleiros do BNG, un do PP e un do PSOE, mantendo así a proporcionalidade existente no Pleno e con representación de tódalas forzas políticas. A Presidencia das Comisións correspondería ó concelleiro Jesús Manuel Soto Vivero

Sometida seguidamente a votación esa proposta, a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes, acorda aprobar a devandita proposta do grupo de goberno.

#### CUARTO.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Dase conta da proposta do grupo de goberno relativa ó asunto, de nomeamento do concelleiro Sr. López Gudín para representar ó Concello no Consello escolar do C.P.I. local. No resto dos órganos colexiados nos que San Sadurniño teña representación, o representante será o Sr. Alcalde ou o concelleiro ou concelleira en quen delegue.

Sometido seguidamente a votación, a Corporación, sen deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a proposta formulada polo grupo de goberno.

#### QUINTO.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS.

Dase conta polo Sr. Soto do contido da Resolución da Alcaldía de data do pasado día 13 de xuño de 2011, mediante a que se designan as seguintes tenencias de alcaldía:

- Primeiro Tenente de Alcalde: Manuel Varela Mecías.
- Segunda Tenente de Alcalde: María Amparo Calvo González.
- Terceiro Tenente de Alcalde: Xosé López Gudín.



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

En canto ás delegacións conferidas pola Alcaldía, dase conta de que, na mesma resolución do 13 de xuño, a Alcaldía ten conferidas delegacións de atribucións en favor dos concelleiros e para as áreas que seguidamente se indican, nos términos e co contido indicados no artigo 43-3 do ROF, e coa especificación de que as atribucións, facultades e competencias delegadas se exercerán con sometimento ó réxime xeral previsto nese Regulamento:

- En favor de Manuel Varela Mecías, para a área de Cultura, Participación Veciñal e Turismo.
- En favor de María Amparo Calvo González, para a área de Medio Ambiente e Servizos.
- En favor de D. Xosé López Gudín, para a área de Obras, Infraestruturase Ordenación do Territorio.
- En favor de María del Carmen Muiño Filgueira, para a área de Benestar.
- En favor de Ana Belén Breijo Gundín, para a área de Educación e Igualdade.
- En favor de Jesús Manuel Soto Vivero, para a área de Facenda, Desenvolvemento Local e Deporte.

Faise constar que os designados xa aceptaron as delegacións de que se trata.

A Corporación queda entarada, tomando razón dos asuntos expostos.

#### SEXTO.- ACORDOS RELATIVOS Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase conta da proposta do grupo de goberno, en aplicación do previsto nos artigos 59-2-b) e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, consistente en que se acorde polo pleno a constitución da Xunta de Goberno Local, cuxa existencia xa é tradicional neste Concello, e que contaría con catro membros, o Alcalde, que a presidiría, e as tres persoas que ocuparán as tenencias de alcaldía, xa designadas polo Sr. Alcalde, tal como se informou ó pleno na presente sesión. Polo referido ó réxime de sesións ordinarias, celebraríanse tres cada mes, os días 1, 11 e 21, ou o día hábil inmediatamente posterior en caso de que foran festivos. A indemnización por asistencia ás sesións da Xunta de Goberno para os concelleiros sen adicación parcial, será de 200 euros.

De seguido a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda a constitución da Xunta de Goberno Local, quedando enterada de quen son as persoas que a constituirán e do seu réxime de sesións ordinarias.

#### SÉPTIMO.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase conta da proposta do grupo de goberno, de manter a delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno, tal como se viña facendo nas anteriores legislaturas, coa finalidade principal de axilizar a adopción de acordos sobre diferentes materias dunha importancia sempre relativa, posto que as competencias importantes veñen reservadas pola lexislación vixente ó pleno e non son delegables. O acordo que se adopte nese sentido debe contar co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación, e a proposta faise non mesmos términos que as normas sustantivas que relacionan as competencias delegables, entendéndose que o acordo cumpriría polo tanto o establecido na



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

lexislación aplicable. A proposta do grupo de goberno é que se deleguen na comisión de goberno as competencias recollidas no artigo 22-4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que veñen relacionadas nas letras j), k), m), n), ñ), o) e q) do apartado 2 dese mesmo artigo.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, o que representa a maioría absoluta do seu número legal de membros, acorda delegar na Comisión Municipal de Goberno as súas competencias reseñadas nas letras j), k), m), n), ñ), o) e q) do apartado 2 do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

#### OITAVO.- ACORDOS SOBRE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

Dase conta da proposta do grupo de goberno en relación co asunto, consistente na existencia de tres dedicacións parciais, das que serían titulares o Sr. Alcalde, cun importe de 1.200 euros brutos mensuais e dúas concelleiras do Grupo de Goberno, as Sras. Muiño Filgueira e Breijo Gundín, que percibirían unha cantidade de 600 euros brutos mensuais. As cantidades son as mesmas que se acordaron na anterior lexislatura, sen incremento algún.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á proposta de existencia dos referidos cargos con dedicación parcial.

#### NOVENO.- ACORDOS SOBRE O DESEMPEÑO DA TESOUREIRÍA MUNICIPAL.

Dase conta da proposta do grupo de goberno, relativa ó nomeamento de depositario ou tesoureiro da corporación, que continuaría sendo o funcionario do Concello, técnico de xestión económico financeira, Ángel Barro Sabín, que posee coñecementos e cualificación profesional suficiente para o desempeño dese cargo e que xa ven ocupando ese posto na anterior lexislatura. Prantéxase tamén a posibilidade de exención da obriga de prestar fianza, se o presente acordo poidese ser adoptado de xeito unánime, respondendo a corporación solidariamente con el do resultado da súa xestión no cargo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda a continuidade no cargo de tesoureiro do Concello do funcionario Ángel Barro Sabín.

#### DÉCIMO.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2010.

Dase conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta Xeral deste Concello, correspondente ó exercicio de 2010, dictaminada favorablemente pola Comisión Especial competente, e exposta ó público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 92, do día 16/05/2011, sen que durante o prazo legalmente establecido se presentase alegación ou reclamación algunha. En consecuencia, propónse polo Sr. Soto, Concelleiro de Facenda, a aprobación da mesma, tras explicar a contía inicial dese orzamento, que foi de 3.070.000 euros, e que tras as modificacións aprobadas ascendeu ós 3.366.000, e que as



**San Sadurniño**

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

porcentaxes de execución do orzamento, tanto en ingresos como en gastos, superaron o 96%, ademáis de que o remanente positivo de tesoureiría incrementouse nuns 126.500 euros, ata acadar unha cantidade superior ós 840.000, polo que se valora positivamente a previsión e a xestión do orzamento do 2010. O Secretario pide a palabra para indicar que non foi posible que a anterior corporación aprobase esta Conta debido a que o seu prazo de exposición pública rematou hai poucos días, e para explicar algunhas das razóns que aconsellan realizar esa aprobación coa brevidade posible.

Sometido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Aproba-la conta xeral deste Concello correspondente ó exercicio económico de 2010, sendo o seu resume o seguinte:

A) Conta Xeral de 2010:

A) Conta Xeral de 2010:

1) Balance de situación: 16.516.437,53

2) Conta de resultados:

a) Resultados correntes do exercicio: 1.436.313,44

b) Resultados extraordinarios: 0

c) Resultado da carteira de valores: 0

3) Liquidación do Presuposto:

- Dereitos recoñecidos netos: 3.347.344,71

- Obrigas recoñecidas netas: 3.220.830,87

- Resultado presupostario: 126.513,84

4) Estado demostrativo de exercicios pechados:

- Obrigas pendentes de ordear: 34.472,06

- Dereitos pendentes de cobro: 30.337,37

5) Estado dos compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros: 0

6) Estado de Tesorería:

- Existencia final en bancos: 842.843,51.

2º.- Ordea-la remisión dunha copia ou a transmisión telemática dos datos da conta xeral de que se trata ó Consello de Contas de Galicia e ó Tribunal de Cuentas, en aplicación do establecido na lexislación reguladora das Facendas Locais.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as once horas e cincuenta e un minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,